

Guía para o uso do Zoom


Edición 2020



Contidos da guía

1. Instalación do cliente Zoom para reunións
2. Rexistro na plataforma Zoom
3. Acceso aos seminarios web en directo
4. Funcionalidades básicas do Zoom

Elaborada pola Secretaría Técnica do CIXUG

 Consorcio CIXUG 2020

Obra baixo [licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-SenObraDerivada 4.0 International](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)



Atribución - Non Comercial - Sen obra derivada

En calquera mención da obra debe citarse a autoría. Non se permite o uso comercial da obra orixinal . Non se permite a xeración de obra derivada



Instalación do cliente Zoom para reunións

Para participar nos seminarios web en directo é necesario ter instalado no computador o cliente Zoom para reunións. Podes obtelo no [centro de descargas da súa web desde este enlace](#). Descárgao no teu computador e segue as instrucións do instalador.

Existe versión para [Android](#) e [iOS](#), polo que podes considerar a posibilidade de instalalos nos teus dispositivos móbiles para ampliar as posibilidades de acceso ás sesións.


The screenshot shows the Zoom download center interface. At the top, there is a light blue header with the text 'Centro de descargas' and a dropdown menu 'Descarga para Administrador de TI'. Below this, the 'Cliente Zoom para reuniones' section is displayed. It includes a description: 'El cliente para el navegador se descargará de manera automática cuando comience o se una a su primera reunión Zoom. También se puede descargar de manera manual aquí.' A blue 'Descargar' button is highlighted with a red circle, and the version number 'Versión 5.2.1 (44052.0816)' is shown next to it. Below this, the 'Complemento Zoom para Microsoft Outlook' section is visible, with a description: 'El complemento Zoom para Outlook instala un botón en la barra de herramientas de Microsoft Outlook para permitirle comenzar o programar una reunión con un solo clic.' A blue 'Descargar' button is shown next to the version number 'Versión 5.2.44833.0826'. At the bottom of this section, there is a link: 'Añadir Zoom como complemento para Outlook en la web'.

Rexistro gratuito na plataforma Zoom

Durante os seminarios web levarase a cabo un control de asistencia, de cara a verificar o cumprimento dos requisitos requiridos para poder titular.

Para poder levar a cabo este control de asistencia e poder asegurar que es ti a persoa que se conecta, **é imprescindible que te rexistres na plataforma Zoom empregando un correo electrónico que te identifique.**

O rexistro é gratuito e podes facelo na web de Zoom [desde este enlace](#). Só será posible acceder ao seminarios web para persoas rexistradas na plataforma.



"Zoom ha activado nuestras habilidades comunicativas. Con él, pudimos condensar plataformas múltiples y tecnologías diferentes en una solución simple".

Stefan Scherbik | BAYADA Home Health Care


Acceso aos seminarios web en directo

Para acceder ao seminario web debes **premer no enlace que está dispoñible na aula virtual**. Ao facelo, abrirase no teu navegador unha fiestra como esta.



Debes premer na opción **“Abrir Zoom Meetings”**. Ao facelo:

- **Se xa tes iniciada sesión na plataforma Zoom**, entrarás na sala de espera da reunión mentres o anfitrión non che admita na reunión.
- **Se non tes iniciada sesión na plataforma Zoom**, aparece unha fiestra como esta.

Unha vez premas na opción **“Inicie sesión para entrar”**, aparecerache a pantalla para que introduzas as túas credenciais de Zoom e accederás á sala de espera mentres o anfitrión non che admita na reunión.



Quando el cuadro de diálogo del sistema aparezca, haga clic en **Abrir Zoom Meetings**.



Lembra que, a efectos de control da asistencia, para rexistrarte en Zoom tes que usar o mesmo correo que empregas no curso.

Funcionalidades básicas do Zoom

Control de son

Pulsando sobre a icona de micrófono podes silenciar/activalo.

Cando está silenciado, a icona aparece de cor vermello cunha banda cruzada por riba. Cando está activado aparece en gris como na imaxe e **todas as persoas participantes poden escoitarte.**

Premendo sobre o triángulo despregas as opcións de configuración do son na aplicación.


Recoméndase ter apagado o micrófono mentres non queiras participar, para evitar que o teu son interfira coa exposición da persoa relatora.

Control de vídeo

Pulsando sobre a icona de cámara podes activala/desactivala.

Cando estea desactivada, a icona aparece de cor vermello cunha banda cruzada por riba. Cando estea activa aparece en gris como na imaxe e **calquera participante pode verte.**

Premendo sobre o triángulo despregas as opcións de configuración do vídeo da aplicación.



Participantes

Pulsando sobre esta icona podes ver a todas as persoas que están participando na sesión. Desde o teu perfil neste apartado tamén podes silenciar o teu micrófono ou apagar o teu vídeo.

Chatear

Premendo sobre esta opción ábrese o chat da sesión, onde poderás ir realizando comentarios ou preguntas sen interromper o desenvolvemento do seminario.

Fíxate sempre se estás enviado a mensaxe para todas as persoas participantes, ou só para unha (opción "Enviar a").

Compartir pantalla

Cando a persoa que actúa como anfitrión habilite esta opción, poderás compartir a túa pantalla para amosar o contido da mesma ao resto de persoas participantes.

